



ANEXO III

2017/CP/229

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**AXUDA**

Referencia:

Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de accións I+D+i. Reforzo capital humano servizos xerais

CENTRO: Vicerreitoría Política Científica, Investigación e Transferencia

OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do convenio do Campus Industrial

LUGAR E HORARIO: Campus Ferrol. Esteiro. Horario: 37,5 h./semana en horario de lunes a jueves de 9:00 a 14:00 y de 16:00 a 19:00; Viernes de 9:00 a 14:30.

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐* Investigador en formación ☐

* Require matrícula programa doutoramento SUG

Técnico de apoio á investigación ☐Axudante de apoio á investigación ☐Técnico administrativo ☒Axudante administrativo ☐

XORNADA

Tempo Completo: ☒Tempo Parcial: ☐

DURACIÓN

4 meses

DATA APROX. DE INICIO

01/01/2018

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.709,17€

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0500 440099 541A 6400000

* O pagamento da retribución realizarase en mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Graduado/a en Publicidade e Relacións Públicas, Marketing ou Administracións e Dirección de Empresas ou equivalente

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓNLUGAR: campus.industrial@udc.es e vcfrs@udc.es

PRAZO: 10 días naturais desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (Araceli Torres), Director do Campus Industrial (Ginés Nicolás) – Vicexerente do Campus de Ferrol (Ramón Noguero)

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Reitoría

Ferrol, 23 de novembro de 2017

Vicerreitor Política Científica, Investigación e T

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

DATOS DO PROXECTO

Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de accións I+D+i. Reforzo capital humano servizos xerais

Referencia: Convenio

DETALLES DA CONVOCATORIA

1. Misión do posto:

Deseñar e desenvolver a estratexia de comercialización e difusión da oferta académica do Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña, con especial énfase na nova oferta académica que se inicia no curso 2018 – 2019 (grao en xestión industrial da moda, mestrado en deseño, produción e comercialización de videoxogos e mestrado en deseño industrial). Tamén realizará actividades administrativas complementarias e de xestión das tarefas do Campus Industrial de Ferrol.

2. Responsabilidades do posto:

- Deseñar a estratexia de promoción comercial e difusión da oferta académica para o seu posicionamento a nivel autonómico, nacional e internacional.
- Implementar accións definidas na estratexia de comercialización de xeito operativo, cun enfoque práctico orientado a captar potencias estudantes.
- Deseñar e elaborar material divulgativo de soporte para o desenvolvemento da estratexia.
- Realización de tarefas de administración e xestión do Campus Industrial.

3. Funcións do posto:

. Marketing estratéxico

- Deseñar a estratexia de marketing
- Propoñer e consensuar co director do Campus Industrial as accións a realizar e obxectivos a acadar.
- Estudo do mercado universitario potencial e análise da competencia para a definición de segmentos obxectivo e o posicionamento da oferta de títulos do campus, con especial énfase nos novos títulos que arrancarán no curso académico 2018-2019.
- Deseñar as estratexias de promoción e canles de aproximación ao mercado para os distintos títulos de xeito coordinado cos responsables de cada un deles.

. Marketing operativo e comercial

- Desenvolver e levar a cabo estratexias de promoción, artellando accións de marketing específicas de acordo coa estratexia definida. Entre as medidas se atoparán entre outras: organización de eventos e encontros en Institutos de Educación Secundaria, centros universitarios, accións de promoción a través de Internet e Redes Sociais, asistencia a ferias, etc.
- Coordinar as accións de promoción en estreita colaboración cos responsables dos títulos e o Director do Campus Industrial.

. Marketing Comercial

- Elaborar as presentacións comerciais e ferramentas para o posicionamento da oferta académica (incluído redes sociais)
- Formación a outras persoas da universidades en estratexias de comercialización da oferta académica
- Análise da actividades de comercialización e difusión e reporte ao Campus Industrial.

. Xestión administrativa

- Realizar accións administrativas vinculadas coa xestión do Campus Industrial



4. Xustificación da duración do contrato

O contrato terá unha duración de 4 meses. Este contrato podería ampliarse ata outubro de 2019 en función da dispoñibilidade ou non de partida orzamentaria.

5. Requisitos dos candidatos/as:

- Graduado/a en Publicidade e Relacións Públicas, ou Graduado/a en Marketing ou Graduado en Administracións e Dirección de Empresas ou equivalente
- Experiencia acreditada na realización de actividades de marketing en empresa, entidade pública ou privada.

6. Criterios e valoración de méritos:

C1: Expediente académico da titulación Max. 2 puntos
(nota mínima para a súa valoración: 5,0 sobre 10)
A puntuación obtense multiplicando o número total das cualificacións de 10 e 9 por 3 pts., o de 8 e 7 por 2 pts e o de 6 e 5 pts por 1 pto. Os puntos obtidos divídanse polo número de materias.

C2: Mestrado en dirección de marketing, publicidade ou xestión e dirección da comunicación ou similar Max. 3 puntos
(1,5 puntos por mestrado ata un máximo de 2 mestrados)
(nota mínima para a súa valoración: 5,0 sobre 10)
A puntuación obtense multiplicando o número total das cualificacións de 10 e 9 por 3 pts., o de 8 e 7 por 2 pts e o de 6 e 5 pts por 1 pto. Os puntos obtidos divídanse polo número de materias.

C3: Doctorado en marketing, publicidade, comunicación ou similar Max. 2 puntos

C4: Experiencia acreditada na realización de actividades de marketing en empresa, entidade pública ou privada. Max. 5 puntos
(0,5 puntos por semestre traballado ata un máximo de 10 semestres)

C5: Entrevista persoal estruturada Max. 3 puntos
(valoraranse, entre outros aspectos relacionados a aptitudes como a capacidade de liderazgo, proactividade, orientación a resultados, capacidade de relación e traballo en equipo. Tamén se valorará a realización de actividades similares ás funcións demandadas para o perfil.

Será necesario acadar un mínimo de 2 puntos entre os criterios C2 e C4 para poder optar a entrevista persoal.

En base a esta valoración establecerase unha orde priorizada dos/as candidatos/as. Serán adxudicatarios os/as candidatos/as de maior puntuación. Co resto dos/as candidatos/as, e respetando esa orde priorizada polos méritos, confeccionarase, exclusivamente para estas prazas, unha lista de agarda que se empregará para a contratación no caso de renuncia ou cese dun candidato/a seleccionado/a.

7. Os documentos

Documentación que debe presentar o solicitante:

- . Instancia de solicitude indicando a referencia desta convocatoria que figura na publicación da web da UDC
- . Fotocopia do DNI
- . Fotocopia do título e do expediente académico
- . Curriculum Vitae
- . Xustificantes de méritos incluídos no CV
- . Memoria xustificativa da experiencia con as tarefas a desenvolver (opcional)

Lugar de presentación: Por correo electrónico a campus.industrial@udc.es e vcfrs@udc.es

Prazo de presentación: 10 días naturais desde á publicación na sede electrónica da UDC

Ferrol, 23 de novembro de 2017

Vicerreitor Política Científica, Investigación e T